




Festas na Escola

# OS MAIOS



COLECTIVO "OLLO DE SAPO"

MARÍA PILAR LORES TORRES  
XOSÉ CARLOS MORGAGE MARTÍNEZ





<i>As festas do Ciclo de maio</i>	5
<i>Os maios</i>	11
<i>Educación Infantil</i>	47
<i>Primeiro Ciclo de Educación Primaria</i>	73
<i>Segundo Ciclo de Educación Primaria</i>	93
<i>Terceiro Ciclo de Educación Primaria</i>	117
<i>Educación Secundaria</i>	135
<i>Pasatempos do maio</i>	139
<i>Obradoiro</i>	149
<i>Textos etnográficos</i>	159
<i>A música dos maios</i>	175
<i>O maio na literatura</i>	177
<i>Refraneiro</i>	183
<i>O maio en discos</i>	185



# As festas do ciclo de maio

## As orixes

**Q**uai distintas teorías entre os antropólogos sobre as orixes das festas de maio; mentres algúns autores, como Risco ou Cuevillas, defenden a procedencia céltica, outros, coma Le Goff, establecen os seus antecedentes nas festas clásicas (gregas e sobre todo romanas); mesmo Vicetto chega a propoñe-la procedencia centroeuropea, quizais sueva. Posiblemente tódolos autores teñan ben fundamentadas as súas teses e as festas relacionadas coa agricultura e o espertar da vida vexetal fosen celebradas en case tódolos pobos de tradición agraria.

Deste xeito tódolos antropólogos coinciden en salientar que existe un ciclo de festas relacionadas co espertar da natureza e a chegada do bo tempo; este ciclo é situado por Julio Caro Baroja(1) entre mediados de abril e mediados de maio e coincidiría coas celebracións romanas en honra de Ceres, deusa da agricultura, e na tradición cristiá comenzaría polo San Xurxo, o 23 de abril, con remate na festa da Ascensión, a mediados de maio. Algúns autores prolongan o ciclo deica a festa de San Xoán, no solsticio de verán, co que cinguen na mesma alínea as celebracións da xermolación e da floración das plantas.

Un pequeno grupo de antropólogos(2) sostén que estas festas están constituídas por un ritual animista para asegura-lo agromar das sementes e o crecemento dos animais, ofrecendo, por medio das cerimoniais que se celebran, homenaxe ós espíritos de plantas e animais.



En todo caso é indiscutible a celebración, nas festas do ciclo de maio, do espertar da natureza, a protección de vexetais e animais, e mesmo a celebración do inicio do amor, nun contexto dinamizado pola ledicia perante o alborear da vida nova.

### **As Manifestacións**

En Galicia tiveron tradicionalmente moita forza as distintas manifestacións do ciclo de maio, se cadra polo carácter eminentemente agrario da sociedade tradicional galega. Clodio González Pérez(3) clasifica estas manifestacións en:

#### 1-Manifestacións agrarias

Abundantes noutro tempo, hoxe xa desapareceron ou consérvanse illadas nalgúnhas zonas rurais. Entre elas podemos citar:

- a) Alumea-lo pan.- É un rito que inda hoxe se conserva nalgúnhas zonas de Outes, Rois e Negreira. Na noite anterior ó 1º de maio os veciños saen con fachos de colmo ou palla polas terras cultivadas e realizan unha cerimonia de protección ás sementes para afastar delas os perigos que as poidan estragar.
- b) Os ramos.- Consiste no costume, que inda pervive en moitos lugares de Galicia, de poñer ramos de xesta ou codeso nas terras cultivadas, especialmente despois de sementadas.

#### 2-Manifestacións pecuarias

Como exemplo delas está o costume de deixar sen ata-





lo gando o día 3 de maio, día da Santa Cruz, ou enfeitá-lo con flores ou poñerlle algún sinal. Tamén se poñen ramos nas cortes do gando ou nos apeiros de labranza.

### 3-Manifestacións mariñeiras


Son escasas, xa que se considera que o peixe neste mes non está en comida. Reducíanse a poñer ramos nos barcos cando se remataban de construír ou a facer maíos con forma de barco.

### 4-Manifestacións lúdicas

Son as que mellor se conservan e, xa que logo, as máis coñecidas popularmente. "Os maíos" son o exemplo máis significativo, coa función de anunciar o rexurdimento da vida vexetal e a despedida do inverno. Poden ter diversas formas:

- a) Os arcos.- Xa escasos hoxe en día, facíanse arcos engalanados con flores e follas que se colocaban en prazas e camiños. Tamén había o costume de cubri-lo chan de certos lugares con flores e follas.
- b) A árbore de maio.- Costume xa case desaparecido, consistente en erguer nun lugar céntrico e visible (unha praza, un outeiro) unha árbore derramada de tódalas pólas agás as do curuto. Algunhas veces se lle colgaba un boneco, o "maio".
- c) Os maíos.- Son a expresión máis enxebre, da que falaremos máis adiante.

# Primeiro Ciclo de Educación Primaria



## I- O TEMPO DO MAIO

Os rapaces estaban xogando diante da casa. O avó lía no xornal e ollaba ás veces para eles. Alicia dixo:

-Eu non xogo máis; estou aburrida.

Elías respondeu:

-É certo; estes xogos fan tan axiña.

O avó volveu miralos:

-Vide acá; a ver se acertades esta adiviña:

Mira que trebello  
cargado de flores,  
laranxas e ovos  
con nenos cantores.



### 1- Actividades de comprensión:

- ¿Que facían os rapaces? ¿E o avó?
- ¿Que lle pasou a Alicia?
- ¿Quen estaba de acordo con ela?

### 2- Adiviña a adiviña.

Memorízala cantándoa de diversos xeitos:

- a modo
- con moita présa
- choromicando
- brincando
- ó xeito chinés (con eles no canto de erres).






### 3- Espreme os miolos

- ¿Que noticia estaba lendo o avó no xornal?
- ¿Como se chama o xornal?
- ¿Cantos anos ten o avó?
- Describe o avó.
- ¿Cales eran os xogos aburridos dos rapaces?
- ¿En que traballa a nai do pai de Alicia? ¿E o pai da nai de Elías?

### 4- A ver se sabe-lo que é un "trebello"; enche de flores o significado verdadeiro:

- \* Trebello é un peixe que vive no mar.
  - \* Trebello é un aparato que se usa para calquera cousa.
  - \* Trebello é unha nube de cor laranxa.
- Constrúe tres frases coa palabra "trebello".

### 5- Fai conxuntos:



### 6- A letra abusona:

- Constrúe frases nas que repitas moito unha letra:
- "O fiúncho de Fita é fofo"
- "Pepe e Pepa poñen pampillos pequenos"



**7- O Maio dos números:**

-Hai que face-las contas e despois pintar cada parte do maio coa cor que corresponda ó resultado:

$6 + 2 = \text{verde}$

$5 - 3 = \text{laranxa}$

$11 + 9 = \text{amarelo}$

$14 - 2 = \text{castaño}$

$6 + 4 = \text{branco}$


$2 + 4 = \text{vermello}$

-Contesta:







\* ¿Cantas laranxas hai no maio?

\* ¿Hai máis ovos ou laranxas?

\* A coroa máis baixa, ¿cantas laranxas ten? ¿E cantas peras?






**8- Facemos series:**

			
 3	 6	 9	





### 9- Forma palabras:



### 10- Descubrímo-lo erro:

O mestre proporá listas de catro palabras nas que tres son flores ou plantas e unha non o é. Os rapaces teñen que descubri-lo erro, berrando a letra "u".

margarida

caravel

pampillo

xesta

rosa

casa

fiúncho

### 11- Expresión oral:

Repartidos en grupos, que inventen unha historia na que vaian empregando as palabras do exercicio anterior.

### 12- Botámo-las contas:

- Queremos facer tres coroas de oito ovos cada unha. ¿Cantos ovos precisamos?
- Xa teño tódolos ovos. Pero agora romperon seis. ¿Cantos quedan?
- Filipe trouxo doce laranxas e Maruxa dezaseis. Despois chegou Eloi con sete. ¿Cantas laranxas temos en total?



d) A coroa que fixo Artur leva 295 pampillos. Eu vou facer unha igual, pero a miña soamente ten 132 .

¿Cantos pampillos teño que poñer aínda?

e) Antía trouxo unha ducia de ovos morenos. ¿Como se chama o avó das galiñas?

### 13- O Maio disfrazado:

- Ponlle:

-ollos de pantasma

-pelo de palla

-brazos de chimpancé

-nariz de pinocho


-boca de crocodilo

-saia da Carolina

- Ponlle nome e apelidos:







**14- Lista de cores:**

Pinta nos rectángulos as cores que usaches para disfrazalo maio. Pónlle-lo seu nome.

\_\_\_\_\_  \_\_\_\_\_  \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  \_\_\_\_\_  \_\_\_\_\_

**15- Imaxinade:**

No planeta Sixasei viven uns nenos que teñen trompetas na cabeza e dentes nos pés. Eles tamén celebran os maíos.

- a) ¿Que forma ten o maio?
- b) ¿Con que o fan?
- c) ¿Como o adornan?
- d) ¿Como é a música das cantigas?
- e) ¿Que din nas cantigas?

\* Debuxádeo.



## II- O TEMPO DA BUSCA

---

*Despois de acertar a adiviña do avó, os rapaces acordaron facer un maio. Para ir buscar os materiais decidiron botalo a sortes. Puxéronse en roda e Cibrán foi cantando:*

*Pío, pío, paxariño  
¿onde vas tan lixeiriño?  
En busca da señora,  
chiribitón, fóra.*

*De cada vez saía un. Os seis primeiros foron buscar fiúncho, os tres seguintes os pampillos e as margaridas, e os demais as laranxas e as calas. Todos quedaron en baleirar ovos na casa e aproveitar as cascas para o maio.*

*-Eu sei onde hai fiúncho a esgalla -dixo Alexandre.*

*-Pois nós imos ás veigas do Yao, coller pampillos -contestou Helena.*

*E alá marcharon cada grupo polo seu carreiro. Os do grupo de Helena estaban contentos porque o sol xa abrira os pampillos. Encheron axiña varias caixas.*

*-¿Descansamos un pouco? -dixo Tomé.*

*-Si, e mentres xogamos ó pampillo -propuxo Elías.*

*Pola súa banda, o grupo de Alexandre tiña que traballar moito:*

*-Uf, este ano, como choveu pouco, o fiúncho é ben cativo -dicía Alicia.*

*-Pois temos que coller máis -contestou Bernal-, que hai que facer un maio grande.*

*Cando xa ía caendo a noite, os rapaces xuntaron todo o recollido na casa de Lois.*

---





### 1- Actividades de comprensión:

Narrarlle o texto substituíndo partes da historia con xestos que os rapaces interpretarán e responderán; por exemplo:

- Ó estirar o brazo dereito, eles dirán... ós rapaces.
  - Facer un triángulo coas mans, será... un maio.
  - Levar a man esquerda á cabeza, será... fiúncho.
  - Poñer a man no estómago, será... pampillo.
  - Os números facémolos erguendo os dedos das mans.
- Tamén podemos ir ampliando as substitucións.

### 2- Completar oralmente frases do texto:

- Os rapaces acordaron facer...
- Os seis primeiros foron buscar...
- Todos quedaron en baleirar...
- O grupo dos pampillos encheu...

### 3- Facemos ritmos


Inventamos ritmos con corcheas e negras batendo en diferentes partes do corpo para memoriza-lo xogo de sortes.

4- Co encerado cheo de flores debuxadas, os nenos teñen que realiza-los seguintes traballos:

- a) Pinta de cor vermella 3 flores que teñan 4 pétalos.
- b) Pinta de azul tódalas flores que son como esta.
- c) Agrupa en conxuntos de 4 unidades tódalas flores do encerado.
- d) Fai un conxunto que teña máis flores cás do encera-do. ¿Cantas ten?



5- **Facémo-los pampillos** dun só trazo:



\* Decorámo-los pétalos coas caras dos nenos.




6- **Matemáticas:**

a) Ordenámo-lo material que temos recollido en decenas:

-2 decenas de pampillos.

-1 decena de laranxas.


-1 decena e 6 unidades de flores.


		
---	---	---

\*Temos máis pampillos que...

\*Temos menos laranxas que...

b) Escollémo-los ovos de 3 en 3.





\* Poñémo-las margaridas de 5 en 5.



20



25






- c) Temos que xuntar 4 decenas e 8 unidades de canas. O avó só nos deu 20 canas. ¿Cantas tivemos que pedirles ós veciños?

### 7- Colocámoslos cos seus:

Ordenamos en 3 grupos polo número de sílabas, que salientamos dando palmas.

pampillo  
cala  
cana  
fiúncho  
pao  
margarida  
coroa  
ovo  
laranxa  
palitroque







### 8- Sopa de letras.

Busca as palabras anteriores nesta morea de letras.

P A L I T R O Q U E T  
A N A C B A V M L S U  
O S R M N C O R O A L  
N G A O H C N U I F G  
M S N X I A F H R U N  
R I X O L L I P M A P  
U M A R G A R I D A X


9- Ó saír na busca dos elementos vexetais para face-lo maio, descubrimos unha grande variedade de **cores e texturas**. Enunciámolas de xeito oral e facemos un mural con papel de embalar, debuxando o arco da vella con sete liñas curvas paralelas. O comenzo de cada banda pegámo-lo vexetal-guía e cada equipo pegará de seguido anacos de revistas desa cor cortadas a dedo. Cantámo-la cantiga:

*Arco da vella  
vaite de aí,  
que as nenas bonitas  
non son para tí.*



### 10- ¡Abracadabra!

Vés de te converter nunha laranxa do maio. ¿Que pensas? ¿De que te queixas? ¿Con quen falas? ¿Que ves dende o maio? ¿Que comes? ¿Cando dormes?



### III- O TEMPO DAS COPLAS

---

*Os rapaces xuntáronse na casa de Alexandre para face-las cantigas do maio.*

*-Eu teño algunha do colexio -dixo Bernal-. Penso facer unha sobre o sucio que está o patio.*

*-Pois Duarte e mais eu queremos facer unha que fale das flores e dos paxaros -comentou Helena.*

*Fixeron moitas cantigas. Na véspera do día xuntáronse na casa de Lois para face-lo maio. Xa Tomé e Bernal levaran bimbios e cordel para ata-las canas, despois de face-lo esqueleto e poñerlle os aros de barril.*

*O grupo de Helena xa tiña feitas case tódalas coroas de pampillos e o de Lois as de ovos e as de laranxas. Outros nenos estaban colocando o fiúncho, seguindo os consellos do avó e dunha veciña, a señora Isolina, que moitos maíos fixera de nova.*

*Así que estivo cuberta toda a estrutura de fiúncho, empezaron a colocarlle as coroas.*

*-Vai se-lo mellor maio de todos -dixo Lois todo contento.*

*-Está saíndo moi ben feitiño -tamén falou Lúa.*

*Coas flores e fiúncho sobrantes fixeron unha coroa en forma de bóla e chantárona enriba dun pao longo que pesaba moito.*

*-Lévoa eu -dixo Alexandre-, que podo ben con ela.*

---

#### 1- Recordamos o texto:

*-¿Na casa de quen se xuntaron os rapaces para facer as cantigas?*

*-¿De que querían falar nas cantigas?*

*-¿Como lle fixeron o esqueleto?*







-¿Quen os aconsellaba?

-¿Que forma tiña a coroa?


2- Debuxa estas escenas:



Tomé e Bernal atandoas  
canas do esqueleto




O grupo de Helena  
facendo coroas



Os rapaces cubrindo o  
esqueleto de fiúncho

3- Este é o noso maio. Failla unha foto:



4- Expresión oral:

- Facemos frases que comencen por "No maio hai ...". Podemos ir ampliando as frases:

"No maio hai pampillos"

"No maio hai pampillos amarelos"

"No maio hai pampillos amarelos caídos"



**5- As solucións están no maio:**

- a)- Os nenos inventan adiviñas sinxelas cos elementos do maio.
- b)- Coas adiviñas inventadas facémo-lo *Libro das adiviñas*, ilustrado polos nenos.

**6- Completa con adxectivos:**

- ¿Como é o maio? O maio é \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.
- ¿Como son as coroas? Son \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.
- ¿Como son as cantigas? Son \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

**7- O maio mudo.**

O noso conto ficou sen voz. Non importa, nós sabémolo facer:

- Imita-los xestos dos rapaces do texto, armando o esqueleto, cortando fiúncho, coséndoo, enfiando as coroas, montando o maio. Podemos poñer unha música de fondo.

**8- Familias léxicas.**

Buscámo-los familiares destas palabras:

laranxa

bóla

flores








### 9- As accións.

Buscamos palabras de acción (verbos):





-¿Que podo facer coas flores? ¿E coas laranxas? ¿E coas cascas de ovos?

### 10- Completa a frase:

Arma a maia con 

				
---	---	---	---	---

 e 

			
---	---	---	---

Arma

### 11- Traballámo-la frase

Aproveitando a frase anterior, traballamos aspectos de familias semánticas substituíndo as palabras “canas” e “paos” polos nomes doutros elementos ou nomes de froitas, flores, plantas, etc. Ampliámo-la frase engadindo calidades ós nomes.

### 12- O xogo das letras:

- a- A partir da palabra CANA, cada un ten que buscar outra palabra nova variando o N.
- b- A partir da palabra MAIO, cada un ten que formar outra palabra nova cambiando soamente unha letra.

### 13- O bloque agachado:


\* Debaixo do maio agachouse un bloque; adiviña cal. Dámoslle un grupo de bloques cunha característica



común (tódolos grandes, tódolos vermellos...) e deben busca-lo que falta.

\* Repártense os nenos en tres grupos e a cada grupo se lle dan os bloques da mesma cor. De cada grupo falta unha peza, e deben adiviña-las tres características da peza que falta.

#### 14- Facemos coroas con bloques:



3ª coroa: cada bloque cunha característica distinta da anterior.

#### 15- Enfiámo-las coroas do maio:

- Face-la coroa e desfacela. Nós somos laranxas nunha coroa e poñémonos en ringleira. O primeiro vai pechando a ringleira facendo un movemento en espiral. Cando estea pechada, o último ábrea facendo o movemento ó revés.
- Nós sómo-lo fío que vai pasando polo medio dos aros que están espallados pola clase. Debuxamos no chan un percorrido e enriba do primeiro tramo poñemos aros a distancia dun paso, cada aro sostido por un neno. O fío pasa polo medio dos aros sen tocalos. Cada rapaz que sae do último aro vai buscar o primeiro aro e colócao a continuación do último; o rapaz que quede sen aro únese ó fío.





- c- Facemos coroas enfiando en la ou cordel aneis pequenos, macarróns ou bólas de ábaco. Podemos traballar cantidades:
  - 1 coroa con 20 macarróns.
  - 1 coroa con 5 decenas de aneis...
- d- Facemos coroas de maio con pampillos, rosas, margaridas ou laranxas. Tamén podemos facer colares, pulseiras, aneis e pendentos.
- e- Sopramos ovos. Para facer coroas de ovos temos que sopralos. Picámo-lo ovo polos dous extremos e sopramos por un deles. Van saíndo a clara e a xema polo outro ata ficar baleiro.

### 16- A merenda.

Con ovos, leite e fariña facemos chulas para merendar.

### 17- Mural dos materiais.

Elaboramos fichas de cada material que usamos para a confección do maio. Indicando a súa orixe, características, usos, literatura oral relacionada con cada un, etc. Con tódalas fichas facemos un mural grande en forma de maio.

<u>O ovo</u>	<u>a laranxa</u>																
Debutros: <table border="1"><tr><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td></tr><tr><td>ovo</td><td>galina</td><td>p.ite</td><td>nino</td></tr></table>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	ovo	galina	p.ite	nino	Debutros: <table border="1"><tr><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td></tr><tr><td>fruta</td><td>folia</td><td>árbore</td><td>flor</td></tr></table>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	fruta	folia	árbore	flor
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>														
ovo	galina	p.ite	nino														
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>														
fruta	folia	árbore	flor														
Palas: <table border="1"><tr><td>=====</td><td>=====</td><td>=====</td><td>=====</td></tr></table>	=====	=====	=====	=====	nome _____												
=====	=====	=====	=====														
Usos: <table border="1"><tr><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td></tr><tr><td>=====</td><td>=====</td><td>=====</td></tr></table>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	=====	=====	=====	Usos: <table border="1"><tr><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td><td><input type="checkbox"/></td></tr><tr><td>=====</td><td>=====</td><td>=====</td></tr></table>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	=====	=====	=====				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>															
=====	=====	=====															
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>															
=====	=====	=====															
¿Que máis sei? (literatura) _____ _____	¿Que máis sei? _____ _____																



## IV - O TEMPO DE CANTA-LO MAIO

---

Á mañá seguinte levaron o maio á praza, no medio das casas. Toda a xente viña a velo, porque estaba ben feito e era moi bonito.

-Que ben vos saíu este ano -dixo a tía Maruxa.

-E os ovos son ben grandes -dixo Celso do Coto.

Os rapaces puxéronse en roda arredor do maio. O avó foille marcando o ritmo e os nenos empezaron a bate-los paos. Cantou Alexandre, que estaba dentro do maio, e os da roda repetiron a cantiga:

Para facer este maio  
tivemos que ir buscar  
o fiúncho e mailas flores  
á casa de Ferradás.

Cando remataron de cantar tódalas cantigas, xa había arredor moita xente, que ría das cousas que cantaban. Todos aplaudiron moito e déronlles lambetadas, moedas e anacos de rosca.

Os rapaces foron cantando o maio por toda a zona. Cando remataron, levárono á praza e alí desfixérono completamente, entre xogos e risos. Despois fixeron unha merenda con todo o que a xente lles dera.

---

### 1- Exercicio de comprensión:

- Primeiro levaron o maio á \_\_\_\_\_.
- Os rapaces puxéronse en roda \_\_\_\_\_.
- Cantou Alexandre debaixo do maio \_\_\_\_\_.




- Os que cantaban batían paos \_\_\_\_\_.
- A xente deulles lambetadas, moedas \_\_\_\_\_.
- No remate desfixeron o maio \_\_\_\_\_.

## 2- Imaxinemos:


- ¿Como aplaudirá a señora Maruxa? ¿E Celso do Coto?  
¿E o avó? ¿E o bebé da señora Berta?
- ¿Como batían os paos os rapaces?
- ¿Que comeron na merenda?

## 3- Aprendemos o bater dos paos:



Facemos o ritmo con distintas partes do corpo, con obxectos da aula (lapis, bloques, regretas, libros, botes, etc), con instrumentos de percusión.

## 4- Ficha de ritmos. Pinta o ritmo:



- \* Debuxa o mesmo ritmo con outro elemento do maio.
- \* Agora facémolo con gométs vermellos.



### 5- Aprendémo-la cantiga:

- Cambiamos "Ferradás" por outros nomes.
- Cambiamos "maio" por outro elemento, variando a rima do 3º verso.

6- **Facemos en cartolina** os elementos da copla (maio, fiúncho, flores, nenos, casa...), recortámoslos e cun pao facemos títeres, que nos serven para representar a cantiga.


### 7- Completa as cantigas.

Busca unha palabra que rime coas subliñadas:

Hoxe é primeiro de maio, /día da festa das flores,/...

Dicimos que no colexio /hai cousas que van fatal./...

### 8- As letras mareadas.



### 9- Expresión oral:

¿E se existisen...?

¿Que pasaría?

- ¿ ...as laranxas con espiñas?
- ¿ ...os ovos de clara negra?
- ¿ ...os cans con plumas?
- ¿ ...as lavadoras de maios?





**10-** Esta é a **praza** onde cantan o maio:

-Os nenos están arredor do maio.


-No banco sentou o avó.

-Diante da casa do balcón hai un camión aparcado.

-Ó pé do cruceiro hai pombas comendo millo.

-Á beira do banco está a fonte.

-A praza está chea de xente.



**11-** Anunciamos o maio.

Por pequenos equipos inventan un slogan para publicitar o maio. Fan un cartel coa mensaxe e o debuxo alusivo. A partir da mensaxe do slogan deben dramatizar un anuncio de radio ou televisión.

**12-** O maio na "telescola".

Os rapaces elaboran noticias sobre o maio. Narran o acontecemento, contan anécdotas que lles ocorreran mentres traballaban nel ou inventan noticias. Con todos estes textos, escritos en estilo periodístico, montan un "telexornal".

**13-** A tenda dos maios.

Con papel de envolver debuxamos o escaparate dunha tenda e pendurámolo da parede. Cunha mesa facémo-lo expositor e xa podemos xogar ás tendas. Na nosa



tenda mercamos e vendemos elementos do maio, lambetadas, refrescos, etc. O diñeiro podémolo facer pintando cun lapis nun folio por riba da moeda, ou ben pintando a moeda directamente no folio poñendo a cantidade que se queira. O tendeiro pode poñer condicións como:

- Non hai cambio.
- Non se recollen moedas de 25 pesetas.

#### 14- Os maios equilibristas.

- a) Manter en equilibrio unha laranxa sobre o dorso da man o maior tempo posible, cantando:

*Rei, rei,  
¿cantos anos durarei?  
vintecinco, non o sei,  
un, dous, tres,...*

- b) Levar cascas de ovos coa boca dun sitio a outro.
- c) Levar un ovo na culler.
- d) Por parellas, levar unha laranxa con distintas partes do corpo: fronte, nariz, ombreiro, peito, lombo...
- e) Levar ovos soprando polo chan ata a meta.
- f) Facemos equipos de varios rapaces e atámolos entre eles con coroas de pampillos. Cada equipo debe correr ata a meta.
- g) Por equipos facemos carreiras de relevos con diversos desprazamentos para cada relevo. O testigo será un feixiño de fiúncho.



### 15- Investiga nas coplas.



Para chegar ata o maio, os rapaces tiveron que seguir as seguintes instrucións. Cada pista, a xeito de copla, estará no obxecto que atopen en cada etapa.

- a) Da aula ó corredor  
da dereita sairás;  
ó chegar ás escaleiras  
unha flor alí estará.
- b) Agora has de ir ó patio,  
tras da columna buscar;  
pois nunha laranxa grande  
instrucións tés que atopar.
- c) Logo vas á Dirección  
e falas co director;  
dislle que che dea a planta  
que el garda nun caixón.
- d) Agora só faltan ovos  
e has de ter que pedilos;  
non fai falta, porque están  
nun cuarto con moitos libros.
- e) E xa para rematar  
has de atopa-lo maio;  
se na túa clase buscas  
nun recanto do armario.


### 16- O novemaio.

Partindo da figura dun maio feita con nove triángulos, compón as seguintes figuras ou outras que se che ocorran.


# O NOVEMAIOS




**PEIXES**




**CASA**




**RANDEEIRA**




**CARANGUEXO**




**CAN**



**PAMPILLO**




**FOGUETE**




**SERPE**




**FRECHA**




**PRANTA  
CON MACETA**




**VELA**



**PAPAVENTOS**




**COELLO**



# O maio en discos

---



\* **Brath:** *Kalaikía*. LP, Fonogram, Madrid 1982.

Tema: Primavera. Letra e música: Eloi Caldeiro.

\* **Doa:** *Perfiles*. LP, Sociedad Fonográfica Asturiana 1986.

Tema: Maio. Instrumental.

\* **Dolores Plata:** *Lúa descolorida*. LP, Edigal, Madrid 1985

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro, Música: Rodrigo Romani

\* **Emilio Cao:** *Amiga alba e delgada*. LP, Edigal. Madrid 1985

Tema: Sol de maio. Instrumental. Música: Emilio Cao

\* **Luís Emilio Batallán:** *Ahí vén o maio*. LP, Movieplay, Madrid 1975

Tema: Ahí vén o maio. Letra: M. Curros Enriquez Música: L. E. Batallán

\* **Muxicas:** *O demo fungón*. LP, Edigal, Madrid 1988

Tema: Maio. Cancioneiro de Casto Sampedro e Folgar.

\* **Muxicas:** *Muxicas*. LP, Edigal, Madrid 1986

Tema: O maio de Vilalba. Música: Francisco Blanco

\* **Na Lúa:** *A estrela de maio*. LP, Edigal, Madrid 1987

Tema: Maio. Tradicional.





## O maio en discos

Tema: Non ven al maio. X. Paz Antón.

Tema: Maio, maduro maio. José Afonso

Tema: A estrela de maio. X. Paz Antón

\* **Na Lúa:** *Na Lúa*. LP, Edigal Madrid

Tema: Vértolas de maio. Antón Rodríguez

\* **Xocaloma:** *Rosas de luz*. LP, Sons Galiza, 1990

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro .Música: Rodrigo Romarí




## ETNOGRÁFICA

- CARO BAROJA, JULIO: *La estación de Amor. Fiestas populares de mayo a San Juan*. Ed. Taurus. Madrid 1979.
- FERNÁNDEZ ESPINOSA, LUIS M<sup>a</sup>.: *Canto popular gallego (colección de temas musicales y coplas gallegas)*. Madrid 1940.
- FILGUEIRA VALVERDE, XOSÉ: *A festa dos maios. Papeletas de folkore galego*. Arquivo do Seminario de Estudos Galegos I. Santiago de Compostela, 1927.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios*. Colección Raigame, nº 1. Ed. Ir Indo. Vigo 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios en Galicia*. Ed. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *As festas cíclicas do ano*. Manuais do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1992.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A música popular na sociedade rural. Home, espacio e terra en O feito diferencial galego, II A música*. Vol.1. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela 1998
- GREGORIO FERNÁNDEZ, EMILIO R.: *Os maios. Notas para un estudio do ciclo de maio*. El Museo de Pontevedra, tomo 26, 1972.
- LÓPEZ DE SOTO, XAQUÍN: *Os maios en Pontevedra entre 1848 e 1853*. Casal de Edicións. Pontevedra 1992.
- RISCO, VICENTE: *Etnografía: cultura espiritual*, en *Historia de Galiza* de R. Otero Pedrayo, vol. 1. Akal Editores. Madrid 1979
- SAMPEDRO Y FOLGAR, CASTO: *Cancionero popular de Galicia*. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña 1942.
- TORNER, Eduardo M./BAL y GAY, Jesús: *Cancionero Gallego*. Fundación Barrié de la Maza. Madrid 1973.



## DIDÁCTICA

- COLOMER, JAUME: *Fiesta y escuela. Recursos para las fiestas populares*. Colección El Lápiz. Ed. Graó. Barcelona 1987.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *Os maios. Papeis de Educación/2*. Ed. Concello de Santiago. 1984.
- TARRÍO FERNÁNDEZ, JOSÉ ANTONIO: *Cultura, Educación e Tradicións Populares en Galicia*. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 50. Ed. do Castro. Sada 1989.



ESTE LIBRO RECIBIU UNHA AXUDA Á EDICIÓN DA:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
Dirección Xeral de Política Lingüística

